

Disposición transitoria única. *Presentación de solicitudes no exercicio 2008.*

Malia o disposto no artigo 20, na convocatoria correspondente ao exercicio 2008, as solicitudes poderanse presentar ata o 30 de setembro. Para o dito exercicio, a resolución será ditada e notificada no prazo que estableza a comunidade autónoma competente sen que resulte de aplicación o prazo establecido no artigo 21.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Condición das axudas do capítulo II.*

O outorgamento das axudas reguladas no capítulo II queda condicionado á publicación do número de rexistro da solicitude de exención na páxina web da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, e non serán aplicables antes da dita data.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 11 de xullo de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

11987 *REAL DECRETO 1079/2008, do 27 de xuño, polo que se regula a marcaxe dos xamóns e paletas e os períodos de elaboración para a utilización de determinadas mencións na etiquetaxe. («BOE» 169, do 14-7-2008.)*

Co establecemento de sistemas de rastrexabilidade nas empresas, en cumprimento do Regulamento (CE) número 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fíxan procedementos relativos á seguridade alimentaria, e a utilización de novas tecnoloxías o sistema de marcación dos xamóns e paletas en fresco que se vén realizando quedou obsoleto e convén flexibilizalo para favorecer a innovación.

Ademais comprobouse, no mercado, que existen xamóns e paletas curados que se etiquetan utilizando mencións que cualifican o produto, outorgándolle un valor engadido, que teñen tempos de elaboración variados para unha mesma mención, o que pode estar ocasionando dificultades ao consumidor para levar a cabo a elección de compra e competencia desleal entre operadores, polo que convén establecer a regulación dos períodos de elaboración para a utilización de determinadas mencións facultativas na etiquetaxe. Estas mencións non forman parte da denominación de venda do produto, senón que constitúen mencións facultativas que o elaborador pode incluír na etiqueta de forma voluntaria.

Este real decreto ten carácter de normativa básica, conforme o establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, segundo a interpretación dada pola doutrina do Tribunal Constitucional, sobre a base do carácter marcadamente técnico do obxecto da regulación.

Na tramitación deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados, e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Así mesmo, esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificado pola Directiva 98/48/CE do 20 de xullo, así como o Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2008,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a marcaxe dos xamóns e paletas cuxo destino sexa a curación maduración do produto, así como establecer os períodos mínimos de elaboración, para poder utilizar determinadas mencións na súa etiquetaxe.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese como:

a) Xamón curado: o produto cárnico elaborado coa extremidade posterior do porco que se someteu, con carácter xeral, a un proceso de salgadura, acompañado eventualmente de adición de especias, condimentos e aditivos, lavado, repouso ou post-salgadura e maduración e seca durante o tempo suficiente para lle conferir as características organolépticas propias.

b) Paleta curada: o produto cárnico elaborado coa extremidade anterior do porco que se someteu, con carácter xeral, a un proceso de salga, acompañado eventualmente de adición de especias, condimentos e aditivos, lavado, repouso ou post-salgadura e maduración e seca durante o tempo suficiente para lle conferir as características organolépticas propias.

c) Curación-maduración: o tratamento das salgas cárnicas en condicións ambientais adecuadas para provocar, no transcurso dunha lenta e gradual redución da humidade, a evolución dos procesos de fermentación ou encimáticos necesarios para lle conferir ao produto calidades organolépticas características garantindo a súa estabilidade durante o proceso de comercialización.

d) Período mínimo de elaboración: o período transcorrido entre a entrada do produto en salga e a súa comercialización pola industria elaboradora, descontando aqueles períodos en que o produto estivese sometido a condicións que interrompan as reaccións

bioquímicas que teñen lugar durante a súa elaboración.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación aos xamóns e paletas comercializados en España, sen prexuízo das normas sanitarias e outras disposicións específicas, de ámbito voluntario, que afecten a produción e comercialización destes produtos.

Artigo 4. *Marcación e identificación para o control do período de elaboración.*

Todos os xamóns e paletas deberán ir marcados ou identificados, individualmente, mediante un sistema que inclúa, cando menos, a semana e o ano de entrada en salga.

Esta marcación ou identificación deberase fixar no produto, antes da súa entrada en salga, de forma inviolable e perfectamente lexible, acompañándoo en todas as etapas de elaboración e comercialización posterior deste, independentemente da súa forma de presentación.

Ademais, incluírase no rexistro de rastrexabilidade a información contida na marcación ou identificación así como as posibles incidencias -como a substitución do elemento de marcación ou identificación por outro novo debido á deterioración- que se puidesen producir na dita marcación ou identificación ao longo da cadea de produción e comercialización.

Artigo 5. *Etiquetaxe.*

Sen prexuízo do cumprimento do Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, e o establecido noutras disposicións da Unión Europea aplicables na materia, a etiquetaxe de xamóns e paletas curados deberá ter en conta as seguintes particularidades:

a) Mencións facultativas.

Atendendo ao período mínimo de elaboración, na etiquetaxe dos xamóns e paletas elaborados, independentemente da forma de presentación do produto unha vez concluída a elaboración deste, poderanse incluír as seguintes mencións, sempre que cumpran co período mínimo de elaboración establecido para cada mención:

	Mención facultativa	Período mínimo de elaboración
Xamóns.	Bodega ou cava.	9 meses
	Reserva ou anello.	12 meses
	Gran reserva.	15 meses
Paletas.	Bodega ou cava.	5 meses
	Reserva ou anella.	7 meses
	Gran reserva.	9 meses

Os xamóns e paletas poderán empregar outras mencións facultativas distintas ás reguladas nesta alínea, sempre que cumpran o establecido na Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

b) Información adicional na etiquetaxe.

Os xamóns e paletas curados poderán incluír opcionalmente na etiquetaxe o período mínimo de elaboración.

Non obstante, esta información será obrigatoria cando se empregue algunha das mencións facultativas non reguladas neste real decreto.

Artigo 6. *Infraccións e sancións.*

As infraccións cometidas contra o disposto neste real decreto serán sancionadas de acordo co Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

Disposición adicional primeira. *Excepción sobre o uso das mencións facultativas.*

Debido ás especiais características de elaboración, en particular, respecto aos tempos de curación dos xamóns e paletas que son regulados polo Real decreto 1469/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba a Norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e a cana de lombo ibéricos, as mencións da letra a do artigo 5, non se utilizarán nos ditos produtos.

Disposición adicional segunda. *Cláusula de recoñecemento mutuo.*

Os requisitos establecidos neste real decreto non se aplicarán aos xamóns e paletas legalmente fabricados ou comercializados de acordo con outras especificacións nos outros Estados membros da Unión Europea nin aos produtos orixinarios dos países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC), partes contratantes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (EEE) e de Turquía.

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os produtos que entran no ámbito de aplicación deste real decreto, que saísen da industria elaboradora antes da entrada en vigor deste e que non se axusten, por tanto, ao disposto nesta norma, poderanse seguir comercializando, ata finalización de existencias ou como máximo nos quince meses seguintes á data de entrada en vigor, sempre que cumpran coas disposicións vixentes anteriores.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 30 de setembro de 1975, pola que se implanta a marcación para control de maduración de xamóns curados.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xuño de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra da Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA